

O amargo pan da derrota

X. PEREZ MONDELO

O tempo en ningunha parte

XOSÉ MANUEL MARTÍNEZ OCA

Espiral Maior, A Coruña, 2003, 261 páx., 13,46 €

Xosé Manuel Martínez Oca coa súa máis recente novela, *O tempo en ningunha parte*, vai abrir unha nova xanela desde a que asomarnos a un dos períodos máis determinantes da historia contemporánea de Galicia: o tempo que vai desde a fin da esperanza republicana co golpe militar de 1936, até os anos oitenta, unha vez consolidada a complexa transición democrática e botadas a andar as nosas institucións autonómicas, en concreto, cando se tiña producido o histórico triunfo electoral socialista. Ese amplo marco temporal vai descansar narrativamente en tres momentos claves: a inmediata posguerra no exilio bonaerense, a Galicia interior dos anos cincuenta e a Galicia dos anos oitenta, períodos sobre os que o autor vai deitar unha profunda ollada, un intenso esforzo de comprensión.

O espacio narrativo é a Galicia toda, pois as diversas personaxes vanse mover por toda a xeografía galega, mais imos atopar dous espazos referenciais na novela: ao fondo, a Galicia do exilio e da emigración na capital arxentina e, nun primeiro plano, unha vila da Galicia interior e montañosa onde se vai situar o espacio central da novela. A esas arredadas serras, unha tarde de outono dos anos oitenta, por motivos laborais, vai chegar o protagonista e narrador inicial da historia: un técnico de minas, de mediana idade, de sensibilidade nacionalista e de esquerda, en crise matrimonial, á procura de si mesmo... Un día de descanso no traballo, nunha revolta do camiño, inesperadamente, olla o letreiro indicador da vila: Portelo da Moura. Este nome trielle á memoria instantaneamente o nome de Tomás Pazos, un exiliado galeguista que en tempos da República fora un gran benefactor da vila, vello coñecido de seu pai, que o protagonista coñecera tamén na súa infancia bonaerense, e do que non volveran ter noticias desde que Tomás voltara a Galicia arredor dos anos cincuenta.

O autor vai establecendo deste xeito os marcos espacio-temporais da novela e presentándonos os que van ser dous dos seus protagonistas principais -aínda sendo unha novela coral en grande parte- e daquela introducándonos no nó esencial da novela: a procura por parte do narrador protagonista da figura de Tomás Pazos. ¿Cales foran as razóns reais da súa volta a Galicia? ¿Voltaría disposto para a loita guerrilleira ou, en troques, o seu único desexo era reencontrarse con Rosa, a súa antiga amada, casar e refacer a súa vida? ¿Estará Tomás aínda con vida ou morrería? A desvelar este misterio vai dedicar os seus días, ao longo dun ano- tempo

interno do relato- o narrador protagonista. Se este vai sentir cada vez máis ferinte o aguillón da curiosidade pola sorte sufrida por Tomás Pazos, o lector vaise ver atrapado por esa mesma curiosidade, logrando o autor mesturar dun xeito eficazísimo o relato de carácter histórico coa novela de suspense e misterio arredor da figura de Tomás Pazos. Misterio sobre esta personaxe que vai crescendo na medida en que vai sendo construído como un quebraquezas, a partir das achegas que desde distintas perspectivas nos van dando outras personaxes da novela, comezando polo narrador central, que ao mesmo tempo que anda na súa procura vai tentando escribir un relato que ten como protagonista o propio Tomás -relato dentro do relato, como nun xogo de bonecas rusas-. Así, coa achega destas diferentes pezas do quebraquezas, por acumulación dos testemuños que van conformando o collage narrativo, imos poder reconstruír dous dos motivos máis intensos e emotivos da novela: a dolorosa historia de amor de Tomás Pazos e Rosa Liñares e a recreación dos derradeiros momentos do movemento guerrilleiro galego, cando aínda quedaban polas serras do país gavelas dispersas de combatentes antifranquistas. Ámbalas dúas historias resoltas cunha grande mestría narrativa.

Esta novela é a crónica de moitas derrotas: a derrota colectiva dun país, a derrota dun tempo de ilusión colectiva, mais tamén é a narración de múltiples soños persoais rotos. Como adoita suceder noutras narracións de Martínez Oca, son as súas personaxes á procura dun sentido existencial que se lles escapa, naufragos en terra- como ten titulado nun dos seus mellores libros de relatos- levados polo vento mudo da sinrazón e da historia como follas á deriva. Personaxes acurraladas no labirinto da existencia, o mesmo labirinto no que viven os moradores de Portelo da Moura, esa vila galega -arquetipo de tantas vilas galegas que o autor teima en retratar nos seus libros- onde moitas cousas semella non teren cambiado, onde parte das rendas do poder seguen a estar en mans herdeiras de quen indebidamente o usurparan e que tan doadamente se trasmutan e adaptan.

Estamos ante unha obra maior: novela histórica e novela de amor, de xinea existencialista. Unha obra que nos ofrece unha ollada precisa sobre a historia recente do noso país así como unha visión radical da condición humana. En definitiva, ante un libro arriscado e necesario.